



EXPEDIENTE: 71048/250

ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ACONDICIONAMENTO, REPARACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO.

INFORME TÉCNICO DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE B

Con data 31 de xullo pasado a Mesa de Contratación remitiu á Xefatura do Servizo de Vías e Obras para informe e valoración, e en formato dixital, a referida documentación que segundo o apartado 7 das FEC consta dunha memoria xustificativa dos criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízo de valor, que figuran no seu apartado 8 seguinte.

As ofertas presentadas no prazo establecido ao efecto foron as seguintes:

-UTE COVSA-ORECO

-ELSAMEX

-CIVISGLOBAL

-UTE EXTRACO-GAVILANES

-UTE MISTURAS-LOSADA BUS

Estas dúas últimas ofertas coinciden en todos os seus termos, polo que o informe sobre a primeira será de total aplicación á segunda.

Unha vez revisada a documentación presentada remitiuse informe á Mesa de Contratación en datas 14/08/2014 e 21/08/2014. En ámbalas dúas ocasións devolveuse o expediente para unha maior concreción do informe no relativo á organización dos medios materiais, técnicos e humanos que figuran no apartado 8.A)1. das FEC.

O presente informe recolle as modificacións requiridas pola Mesa de Contratación segundo o anteriormente indicado, así como os restantes apartados que non varían con respecto dos dous informes anteriores.

Para a redacción deste informe examináronse aqueles aspectos máis relevantes para a valoración por cada criterio, de acordo co previsto na documentación que serviu de base para a licitación: prego de cláusulas administrativas particulares (no sucesivo, PCAP), prego de prescricións técnicas cos seus anexos (no sucesivo, PPTP) e follas de características do contrato (no sucesivo, FEC), que se consideran que son suficientes para efectualas correctamente.

A continuación se pasa a informar a documentación contida no sobre B de cada unha das proposicións presentadas polos licitadores, en base aos criterios que son obxecto de valoración.



**CRITERIO FEC 8. A).1. PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO:
(12 puntos).**

Para a súa valoración teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Proposta de planificación dos traballos en relación co obxecto do contrato, así como a organización dos medios materiais, técnicos e humanos para acadar os obxectivos previstos no contrato: (8 puntos)

b) Medidas que se propoñen para preservar a seguridade durante a execución dos traballos e para que durante os mesmos se evite ou, alomenos, se limite a aparición de factores que contaminen o medio ambiente (ruídos, vibracións, emisión de partículas contaminantes, etc.): (4 puntos.)

Para o seu exame analizaráronse independentemente en cada proposta o contido dos apartados a) e b).

a) Proposta de planificación dos traballos en relación co obxecto do contrato, así como a organización dos medios materiais, técnicos e humanos para acadar os obxectivos previstos no contrato

O P.P.T.P na súa cláusula 10 establece con carácter xeral os tipos de traballos a executar distinguindo entre :

- PROGRAMABLES: Aqueles cuxa necesidade de execución é previsible a partir dun inventario previo.
- NON PROGRAMABLES: Entre os que se diferencian dous tipos, os derivados de circunstancias imprevistas nas que o Responsable do Contrato ordene a súa execución con carácter urxente e as emerxencias que requiran dunha actuación inmediata.

Na cláusula 15 do PPTP establécese que os medios materiais, técnicos e humanos establecidos nas cláusulas 16 e 17 do propio PPTP son cos que o adxudicatario deberá contar permanentemente como mínimo para a execución do contrato.

Nas ditas cláusulas 16 e 17 do PPTP establécense como xa se dixo, os medios materiais, técnicos e humanos mínimos a adscribir ao contrato. Debe facerse mención en canto aos medios humanos, a diferenza existente entre o establecido na cláusula 6.E das FEC como medios persoais esixibles en canto á solvencia técnica e os establecidos na cláusula 17 do PPTP. Estes últimos serán tidos en conta para a valoración deste criterio.

Con carácter xeral debe indicarse que da análise da documentación presentada polos licitadores despréndese que todos eles se axustan sensiblemente ao previsto na cláusula 10 do PPTP, destacando respecto a cada un deles e a efectos de valoración os seguintes aspectos positivos e negativos:

1º.- UTE COVSA-ORECO



En canto á organización dos traballos propón unha sectorización xeográfica establecendo 3 Unidades de Xestión (U.X). Unha delas U.X.I, o Casco Urbán, que subdivide en dos subsectores U.X.I.A e U.X.I.B. As outras dous U.X.II e U.X.III corresponden á agrupación de parroquias dividindo o termo municipal en dous sectores este e oeste, todo isto a efectos da xestión do contrato e tendo en conta criterios de proximidade, dispersión, superficie, estado de conservación e necesidades de mantemento segundo o maior ou menor tráfico que soporta.

En canto aos traballos PROGRAMABLES, propón que cos datos facilitados polo servizo de vixilancia do Concello e en coordinación co seu Delegado, Encargado, Administrativo e Delineante adscritos ao contrato, manter informatizada e actualizada a información do estado tanto das tarefas xa executadas como das pendentes de executar. A Dirección do Contrato establecerá a programación anual e se concretará en programas mensuais e semanais de traballo. O Responsable do Contrato tomará nota dos deterioros e desperfectos que se teñan detectado polo servizo de vixilancia para a súa inclusión na base de datos do estado de cada vial.

En canto aos traballos NON PROGRAMABLES, propón o establecemento dun servizo de urxencia para contactar cun retén que dará resposta no prazo dunha hora. Non distingue entre traballos PROGRAMABLES urxentes e emerxencias, aínda que estes últimos son tamén non programables.

En canto á organización dos medios materiais, técnicos e humanos para acadar os obxectivos previstos no contrato, axústase ao organigrama establecido no PPTP nas súas cláusulas 10, 15, 16 e 17 aínda que os mellora nos seguintes aspectos.

En canto aos medios humanos, non fai aportación sobre o organigrama previsto no PPTP.

En canto á maquinaria, vehículos e medios auxiliares mellora a organización ofertando: dúas plantas de aglomerado, unha en Caldas de Reis e outra en Porriño, para fabricación de aglomerado asfáltico en quente e de emulsións asfálticas; e unha planta fixa móbil para fabricación de aglomerado asfáltico en frío, o que significará unha mellora no subministro de mesturas bituminosas.

En canto ás oficinas e ao almacén, o PPTP prevé que só se poderán valorar as que están dentro do termo municipal de Vigo que neste caso son as da empresa ORECO das que se limita a indicar a súa situación e que contan cos medios esixidos polo prego.

Oferta tres casetas de obra una por cada U.X. Considérase que as ditas instalacións poden ser útiles en obras de certa entidade, pero moito menos en traballos de mantemento de pequena entidade, que os fan pouco operativos pola tardanza na súa instalación e desprazamento, así como as afeccións que puideran supor ao tráfico de vehículos e peóns.

2º.- ELSAMEX



En canto á proposta de organización dos traballos axústase ao indicado no PPTP na súas cláusulas 10, 15, 16 e 17.

Propón un horario laboral de xornada continua dende as 08:00h ata as 16:00h, mantendo o equipo de retén previsto no PPTP fóra da xornada laboral.

Destina as brigadas previstas no PPTP para bacheo nas calzadas da cidade.

Describe as tarefas a realizar polo persoal previsto no PPTP.

En canto ao procedemento de traballos a executar describe as intervencións a realizar para traballos NON PROGRAMABLES (emerxencias). Durante a xornada laboral as emerxencias serán atendidas polas brigadas previstas para traballos PROGRAMABLES. Fóra desta xornada laboral serán atendidas polo retén previsto no PPTP ao efecto.

Non fai mención a traballos NON PROGRAMABLES (urxentes), tipificados no PPTP.

En canto aos traballos PROGRAMABLES, propón unha recollida previa de datos para definir e priorizar as operacións de mantemento e conservación a realizar en colaboración cos técnicos municipais.

O Encargado Xeral será o que realice o recoñecemento inicial de cada tarefa asignada.

Propón un "inventario de elementos" que compoñen as vías nas que se vai a realizar o mantemento. Como exemplo deste inventario presenta o do entorno urbán. Fai mención a unha zonificación previa sen particularizar.

Posteriormente, en cada unha destas zonas propón a división en vías principais, estruturantes, secundarias, de acceso, de coexistencia e peatonais, indicando que en rúas de lonxitude importante pode realizarse algunha división máis en función da tipoloxía do firme ou pavimento, por cambio de sección ou calquera outra circunstancia técnica representativa (xeometría, existencia de arcéns, materiais do firme, tipo de explanada, natureza do tramo...).

Propón un catálogo de niveis de estado de pavimentos de calzadas e beirarrúas ceñíndose basicamente aos materiais que conforman a sección do pavimento e as aliñacións das rasantes. En función do grado de deterioro, establece cinco grados de prioridade de actuacións.

Oferta medios de xeoreferencia de elementos e actuacións.

Describe o procedemento de execución das unidades de obra que son as habituais en operacións de mantemento.

Tamén describe un programa de software para a xestión do servizo a integrar no da aplicación do Servizo de Vías e Obras que será o que se utilice de acordo co establecido no PPTP. No mencionado prego esíxense a utilización do programa propio do Servizo de Vías e Obras.



En canto á organización dos medios materiais, técnicos e humanos para acadar os obxectivos previstos no contrato, axústase ao organigrama establecido no PPTP nas súas cláusulas 10, 15, 16 e 17 aínda que os mellora nos seguintes aspectos.

Como mellora na organización dos medios humanos e cando o requiran os traballos a empresa ofrece os seus asesores en firmes, xeotécnica, sinalización, obras hidráulicas, calidade, medio ambiente, seguridade e saúde e proxectos, que facilitará a toma de decisións nos aspectos en asuntos que teñan que ver coas materias citadas.

Para mellorar a organización en canto á mobilidade dos equipos de traballo e demais persoas asignadas ao contrato ofrece dous coches para o delegado e o encargado xeral; catro furgóns mixtos adaptables con cabina para cinco prazas e caixa basculante e cinco furgonetas con remolque para transporte de material e ferramentas, que mellorará a mobilidade de persoal, material auxiliar e ferramentas.

En canto ás instalacións non mellora a organización prevista no PPTP xa que só fai mención ás que se indican no mesmo, cunha oficina orientativamente duns 100 m² e unha nave para almacén sen superficial. Respecto a ningunha delas se indica situación. Ofrece, por último, poner a disposición do contrato 6 unidades de vestiarios e contedores de obra para dispor nos tajos, eliminar cargas e descargas e mellorar o tempo efectivo de traballo. Considérase que as ditas instalacións poden ser útiles en obras de certa entidade, pero moito menos en traballos de mantemento de pequena entidade, que os fan pouco operativos pola tardanza na súa instalación e desprazamento, así como as afeccións que puideran supor ao tráfico de vehículos e peóns.

3º.- CIVISGLOBAL

En canto á planificación dos traballos propón a realización dun inventario de deficiencias de cada un dos viais do termo municipal de Vigo.

Clasifica as deficiencias en calzadas, beirarrúas e outros, indicando o tipo de pavimentos existentes en cada un deles (formigón, asfálticos, pétreos, lousas e os seus tipos, etc.).

Relaciona os tipos de deficiencias habituais en cada un dos ditos pavimentos e establece grados de deterioro de cada un deles.

Inclúe deficiencias de elementos existentes en calzadas e beirarrúas distintos ás deficiencias propias dos pavimentos como son: pozos de rexistros afectados ou fóra da súa rasante, xuntas de dilatación de elementos estruturais (visto ou ocultos), barreiras de seguridade, barreiras arquitectónicas, vados de carruaxes e outras.

No capítulo que denomina "OTROS", inclúe Obras de fábrica (muros, pasos elevados e os seus elementos como impostas, e outros), Mobiliario urbán e Elementos de propiedades privadas (muros, vehículos abandonados, fachadas en mal estado...).



En canto a estes últimos que non son obxecto de arranxo por medio do contrato, propón a notificación ao Servizo Municipal competente para as xestións que procedan en orden a solventar as deficiencias que presenten.

Para a realización do inventario de deficiencias propón un equipo de inspección composto por dous oficiais que realizarán anualmente dous percorridos completos que inclúan Vigo-Centro e as 24 parroquias.

Á marxe das inspeccións descritas anteriormente, propón unha previa aos labores de mantemento propiamente ditos co fin de comprobar in situ que non existen máis deficiencias que as previstas no inventario de deficiencias para a planificación dos traballos.

Propón tamén reportaxes fotográficas e xeoreferencia das incidencias.

En canto aos traballos de mantemento, diferencia claramente entre NON PROGRAMABLES urxentes e emerxencias, indicando que se destinará unha brigada para os non programables urxentes e o retén previsto no PPTP para as emerxencias, polo que de habelas non afectará as brigadas de traballos programados

En canto aos traballos PROGRAMABLES presenta o arranxo simultáneo de todas as deficiencias que figuren no inventario desa vía.

En canto á organización dos medios materiais, técnicos e humanos para acadar os obxectivos previstos no contrato, axústase ao organigrama establecido no PPTP nas súas cláusulas 10, 15, 16 e 17 aínda que os mellora nos seguintes aspectos.

Melloran a organización dos medios humanos coa adscrición ao contrato de: un xerente con dedicación do 40% con título de enxeñeiro de camiños para traballar en colaboración co delegado; un xefe de produción; un equipo de inspección integrado por dous oficiais de 1ª; catro peóns especialistas nas brigadas de equipos de calzada; un equipo de traballos non programables, integrado por un capataz, unha brigada para calzadas (un oficial pavimentador de 1ª e outro de 2ª e catro peóns especialistas) e unha brigada para beirarrúas (un oficial canteiro de 1ª, un oficial albanel de 1ª e dous peóns especialistas); un responsable de calidade e medio ambiente; o seu servizo propio de seguridade e saúde e o que ten contratado para complementalo e un staff de apoio composto polos responsables dos departamentos de compras, administración e oficina técnica da empresa. De todo isto ha de significarse a inclusión do equipo de inspección para toma de datos do inventario de deficiencias, así como o equipo de traballos non programables urxentes, que facilitará en gran medida os labores das brigadas de traballos programables, que non verán interrompido o seu traballo. cando xurdan traballos do tipo non programables urxentes. É evidente que a aportación deste persoal vai influir positivamente na organización, tanto nos aspectos técnicos de calidade das obras como no seu ritmo de execución.

En canto aos medios materiais melloran a organización mediante: unha planta de aglomerado móbil, INTRAMEUM-160; unha extendedora VOGEL super 199; un compactador pneumático CORINSA; un compactador de lamia DYNAPAC; un



camión de rego IVECO; unha planta de machaqueo móbil; un vehículo eléctrico e outra maquinaria adicional que figura en documentos anexos, que mellorarán todos eles fundamentalmente os labores de subministro e extendido de mesturas bituminosas.

En canto ás instalacións que van a supor unha mellora de organización son: unha oficina adicional á prevista no PPTP sita na Av. Ricardo Mella 247. Tamén, ademais do almacén principal sito no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, ofrece catro almacéns auxiliares que cubren todo o termo municipal e tres parcelas para parque auxiliar de maquinaria e outros usos. Estas instalacións van a axilizar a execución dos traballos e mellorar os tempos de resposta ás necesidades de maquinaria e materias que existan en cada intre.

4º e 5º.- UTES, EXTRACO – GAVILANES e MISTURAS – LOSADA BUS

Analízase conxuntamente a documentación presentada por ámbalas dúas UTES toda vez que coinciden literalmente en toda a súa extensión.

En canto á planificación dos traballos contemplan actuacións de “vixilancia e recoñecemento das vías”, comunicando ao Concello as incidencias que vaian aparecendo durante o desenvolvemento do contrato, para que ao remate do mesmo poda contar cun inventario actualizado dos viais municipais.

En canto ao procedemento de traballos NON PROGRAMABLES (emerxencias), durante a xornada laboral as emerxencias serán atendidas polas brigadas previstas para traballos PROGRAMABLES. Fóra desta xornada laboral serán atendidas polo retén previsto no PPTP ao efecto.

Non fai mención a traballos NON PROGRAMABLES (urxentes), tipificados no PPTP.

En canto á organización dos medios materiais, técnicos e humanos para acadar os obxectivos previstos no contrato, axústase ao organigrama establecido no PPTP nas súas cláusulas 10, 15, 16 e 17 aínda que os mellora nos seguintes aspectos.

En canto aos medios humanos melloran a organización mediante a inclusión de: un responsable de calidade e medio ambiente e un responsable de prevención de riscos laborais.

En canto aos medios técnicos melloran a organización mediante: unha planta asfáltica para fabricación de aglomerado modelo INTRAME RM-2000 e dous equipos móbiles de extendido, que mellorará o subministro e extendido de mesturas bituminosas.

b) Medidas que se propoñen para preservar a seguridade durante a execución dos traballos e para que durante os mesmos se evite ou, alomenos, se limite a aparición de factores que contaminen o medio ambiente (ruídos, vibracións, emisión de partículas contaminantes, etc.)

b1 “medidas para preservar a seguridade durante a execución dos traballos”



Con carácter xeral todos os licitadores contemplan dous tipos de medidas; unhas para preservar a seguridade dos traballadores e outra para preservar a seguridade dos cidadáns, salvo no caso da UTE COVSA-ORECO que non contempla as primeiras.

En canto ás propostas concretas infórmase o seguinte:

1º UTE COVSA-ORECO

Desenvolve as medidas de seguridade de terceiros con gran detalle, establecendo un programa de seguridade e accesibilidade, eliminando no posible as barreiras arquitectónicas que podan xurdir durante as obras e establecendo un plan de sinalización, non só da obra, senon tamén de calquera outros lugares que resulte necesario, do que se fará responsable; tamén ofrece medidas sobre sinalización inmediata e unha análise das posibles situacións de emerxencia.

2º ELSAMEX

Ofrece garantir a seguridade dos traballadores en base a un documento de avaliación de riscos e planificación preventiva, a partir do cal desenvolverá un plan de seguridade e saúde para a execución destes traballos en concreto e un sistema de xestión de prevención de riscos laborais (SGPRL).

Para garantir a seguridade dos cidadáns e residentes durante as obras, comprométese a desenvolver un programa de seguridade que facilitará o acceso a vivendas e establecementos e que garantirá a mobilidade e tránsito especialmente dos grupos máis necesitados, eliminando no posible as barreiras arquitectónicas que podan xurdir durante as obras. En canto á sinalización se remite á normativa de sinalización para estradas, principalmente á Instrucción de Estradas 8.3-IC

Describe o proceso de execución do seu programa.

3º CIVISGLOBAL S.L.

Desenvolve con gran amplitude as medidas de prevención de riscos laborais a través dos seguintes puntos: sistema de xestión da prevención de riscos laborais, sistemas de información e formación dos traballadores, sistemas de selección de empresas subcontratistas en relación coa prevención de riscos, coordinación das empresas subcontratadas para o contrato de mantemento, control da maquinaria, ferramentas e medios auxiliares a utilizar nas obras, documentación acreditativa da formación, información e entrega de EPIS e normas xerais en relación co uso de proteccións colectivas a empregar nas obras.

Sen embargo respecto á seguridade dos cidadáns respecto a estas obras, só contemplan as previsións básicas previstas na ordenanza municipal de aplicación.

4º UTES EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS



En canto á seguridade do persoal aseguran que teñen establecido un sistema de xestión de riscos laborais para dar cumprimento á normativa de aplicación. Ademais, se resultaran adxudicatarios e antes do inicio dos traballos, comprométese a elaborar un Plan de Seguridade e Saúde e a efectuar durante o contrato un seguimento do control de riscos e a dispoñer de todos os medios de protección necesarios para manter en todo momento a seguridade e saúde dos traballadores.

Por último, concreta as aplicacións de seguridade durante todo o proceso constructivo, distinguindo os riscos máis frecuentes e las medidas preventivas a adoptar, as prendas de protección do persoal e os medios de protección colectivos para garantir a seguridade dos cidadáns.

b2 "medidas para eliminar ou reducir a aparición de factores que contaminen o medio ambiente".

1º UTE COVSA-ORECO

Limitase a sinalar que no caso de que resultaran adxudicatarios adoptarán unha serie de medidas de protección do medio ambiente e se comprometen a implantar un sistema de xestión medioambiental conforme á ISO14001:2004, que ten acreditada COVSA, dirixida a minimizar o consumo de auga e reutilización da mesma; o consumo de recursos naturais, materias primas e combustibles; a xeneración de residuos así como a súa reutilización e reciclaxe e os ruídos e vibracións; así como a limpeza de equipos e maquinaria con produtos non contaminantes e en lugares axeitados, sen especificar ningunha medida concreta para acadar cada un de ditos obxectivos.

2º ELSAMEX

Conta coa acreditación ISO14001:2004 certificada por AENOR.

Na súa proposta desenvolve con gran amplitude este apartado partindo de concretar os "principais aspectos medioambientais" no que se refire aos impactos que se poden producir e as súas medidas correctoras e preventivas, entre os que figura por exemplo, "a restauración paisaxística", "a redución do impacto visual, cultural ou sociolóxico" ou a "limitación do impacto sobre a fauna e flora local". A continuación refírese a almacenamento dos residuos (que efectuará inicialmente na súa nave), á clasificación dos mesmos, a súa reutilización e reciclaxe segundo a súa natureza e aos criterios para a súa xestión, incorporando un esquema de funcionamento do proxecto.

Refírese logo ás medidas encamiñadas á prevención da contaminación para reducir os impactos, concretamente a: "control de aspectos/impactos medioambientais", "control de emisións atmosféricas", "calidade atmosférica" (ruído, control de verquidos de augas residuais, control das substancias químicas, conservación de solos, consumo de recursos, consumo de papel, cartón e rodas, control ambiental de subcontratistas, control medio ambiental de compras e outras medidas de mellora ambiental. En canto ao "control do sistema de xestión ambiental", baixo este epígrafe, recolle os mecanismos para asegurar a correcta aplicación destes procedementos. Refírese a continuación á



"vixilancia medioambiental" como medio para controlar a eficacia das medidas preventivas e aos informes de control do plan de vixilancia ambiental, distinguindo o informe inicial, os sistemáticos e os ocasionais.

Por último refírese expresamente a cuestións como "reducción das emisións sólidas durante a execución das obras", "reducción e prevención de ruídos en obras", "conservación do recurso solo e relieve", "protección da vexetación existente durante as obras", "prevención dos efectos sobre o patrimonio cultural e a conservación de elementos existentes" e "ordenación do traballo e sinalización das obras.

De todo o exposto é evidente que plantea un ambicioso plan de protección medioambiental que excede das medidas que se pedían para mellorar o medio ambiente durante as obras de pequena entidade que se van a cometer fundamentalmente a través deste contrato e que máis parece dirixido á execución de grandes obras públicas de infraestructuras.

3º CIVISGLOBAL S.L.

Aplica un sistema de xestión medioambiental baseado na norma ISO 14001:2004

En canto ás medidas medioambientais que propoñen destaca:

- Que o control e seguimento ambiental farase semanalmente
- Expón as medidas a adoptar durante as obras para acadar os obxectivos ambientais previstos (minimización do consumo de auga e reutilización da mesma, do consumo de recursos naturais como materias primas e combustibles, da xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe, dos ruídos e vibracións que poden ocasionar molestias aos veciños e traballadores e tamén para a diminución da contaminación atmosférica).
- Por último comprométense a que todos os vehículos adscritos ao contrato cumpran a normativa en materia medioambiental, especialmente en canto á emisión de ruídos, utilizando silenciadores.

4º UTES EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS

Dedícanlle pouco espazo a este apartado xa que parte dun procedemento que ten establecido, PMA EXT/02 "identificación, avaliación e rexistro de aspectos medioambientais" para identificar os correspondentes as súas actividades, produtos e servizos que podan ter un impacto significativo no medio ambiente, tendo iempre en conta o "Programa de Vixilancia Ambiental e Preceptiva" que establece oos procedementos en xestión de residuos perigosos, xestión de augas residuais, control de po e partículas, control de ruídos, control de solos e augas subterráneas, etc.

Indica que todos estes procedementos inclúen unhas instrucións de execución que garanten o cumprimento dos mesmos, que están avaliadas polo Certificado de Xestión Medioambiental.



A continuación concreta as actuacións e inspeccións a considerar no programa de vixilancia ambiental para este servizo dirixidas a identificar os impactos e as medidas correctas a aplicar.

Refírese logo á “reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais” co obxecto de xerar os mínimos residuos durante as obras .

Por último reproduce a lexislación aplicable en materia medioambiental que xa estaba incluída no PPTP.

FEC 8.A).2. AMPLITUDE, PERIODICIDADE E CALIDADE DA INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO CONTRATO A SUBMINISTRAR AO CONCELLO PARA CONTROL DA MESMA E A SÚA POSTERIOR DIFUSIÓN PÚBLICA: (4 PUNTOS.)

Pola orde seguida no apartado 1 examínase a continuación a documentación técnica que en relación con este apartado presentou cada un dos licitadores.

1º UTE COVSA-ORECO

En relación coa información refírese a tres aspectos fundamentais:

- a) Enxeñería de detalle e documentación da obra.
- b) Elaboración de accións sobre a xestión dos traballos para información pública.
- c) Recepción de reclamacións dos cidadáns e a súa xestión no Concello.

A propia UTE define á enxeñería da obra como conxunto de actividades de enxeñaría e deseño necesarias para a obtención de documentación na que se definan as unidades de obra a executar, polo que se levará a cabo antes da execución dos traballos.

Por isto consideramos que non é relevante aos efectos da súa valoración por este apartado.

En canto ao apartado b, “elaboración de accións sobre a xestión dos traballos”, establece catro tipos de accións comunicativas: información de uso, elaborada polo servizo e de interese para o usuario; comunicación organizativa, que consiste en comunicar ao Concello resultados e memoria das obras; as actuacións de mellora na vía pública con repercusión xeral ou local e por último, a difusión/promoción de actividades ou servizos.

A continuación relaciona os espazos comunicativos máis usados polos Concellos e se compromete a por a disposición dos cidadáns e do Concello unha páxina web para estas comunicacións.

Esta última oferta tampouco se considera de interese xa que esta información debe canalizarse a través da páxina web do Concello.



Por último, ofrece xestionar a recepción de reclamacións cidadáns e a súa xestión ante o Concello, o que non pode ser valorado xa que o criterio se refire só á información a subministrar ao mesmo.

2º ELSAMEX

Comprométse a subministrar tres tipos de información:

a) Informes de planificación asociados ao contrato, para traballos programados que contará con periodicidade semanal, mensual e anual.

Será elaborada baixo a supervisión e previa aprobación da dirección do contrato.

b) Informes de desempeño, en base a fichas dos traballos programados, ou non, que se tiveran executado (coa mesma periodicidade que o anterior).

c) Por último, comprométese a subministrar informes mensuais de almacén, de actuacións de emerxencia, de prevención de riscos laborais e de xestión ambiental. Tamén informes trimestrais do servizo cun resumo dos anteriores e un informe anual acompañado dun dossier das actuacións realizadas ao longo do ano nas distintas estradas do contrato (refírese, é de supoñer, aos viais e espazos públicos municipais), na que se incluírá unha valoración económica entre outros aspectos.

Así mesmo ofrece subministrar informes sobre atención ao público e a implantación dun sistema de queixas e suxeirencias que non se considera valorable por este apartado ao non constituír información sobre o contrato.

3º CIVISGLOBAL S.L.

En canto á información ofrecen sumístrala da seguinte forma:

En primeiro lugar elaborar unha base de datos na que figuren os traballos realizados dacordo coa clasificación dos mesmos no inventario de deficiencias.

Sobre dita base de datos poderá obterse información relativa a: tipos de traballo; ámbito territorial (casco urbano, rúas concretas, parroquias, etc.); obras singularizadas a partir de proxectos ou memorias, etc.

A anterior información a entregarán ao Concello coa seguinte periodicidade:

- Diariamente (indicando ls traballos a realizar ese día e o seguinte), localización, tipo de traballo e brigadas que van a intervir.
- Semanalmente, co mesmo contido que o anterior, pero clasificando os traballos por distritos e parroquias e acompañando unha ficha e unha reportaxe fotográfica de cada actuación.
- Mensualmente, na que se incluírá ademais unha valoración económica das actuacións executadas.



- Semestral/anualmente que, conterán análise das actuacións executadas coa valoración das melloras que supoñen e proposta para futuras actuacións.

Ademais, a solicitud do responsable do contrato, remitiranse os informes que soliciten.

Todos os informes indicados poderán subministrarse por tipos de traballo, ámbitos territoriais concretos ou períodos de tempo determinados.

Como complemento para mellorar a información sobre o contrato efectuaranse enquisas semestrais sobre os ámbitos nos que se traballou de forma programada para coñecer a satisfacción xeral da cidadanía sobre as obras.

Da anterior información, comprométense a incluír a que indique o Concello, na páxina web municipal.

Por último, en caso de resultar adxudicatarios, comprométense para colaborar na publicación e difusión das actuacións a insertar dous anuncios ao ano sobre as mesmas nun periódico local.

4º UTES EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS

Soamente se limitan a aportar un programa informático de xestión de control dos traballos que nada ten que ver co que se valora por este criterio.

FEC 8.A.3.- VOLUME, COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN DO STOCK DE MATERIAIS NO ALMACEN. (2 puntos).

Para a valoración deste criterio, se terá en conta en base a que parámetros se basa o licitador para establecer o volume e a composición do stock de materiais e a organización do mesmo.

1º UTE COVSA-ORECO

Fai mención á ubicación de almacéns e vertedoiros que non se axusta a este criterio de valoración. Tamén ao establecemento do stock de materiais a partir dos seguintes parámetros: Tempo necesario na identificación de materiais e verificación de calidades; formación do acopio seguindo as disposicións ao respecto; posibles días de parada no subministro e necesidade de auscultar diariamente o material acopiado

Non resulta claro o que pretende indicarse coos aspectos citados, pero non aporta criterios novos aos anteriormente citados nin coincide con ningún deles.

En canto ao volume menciona na relación dalgún dos materiais a acopiar, a estimación dunha semana de traballo. A relación de materiais a acopiar ien carácter xeralista e non se observa unha análise concreta aplicable ás necesidades deste Concello.

Non fai mención ao sistema de organización do stock.



Presenta relación dos materiais a acopiar. En canto a formigóns, cemento, materiais bituminosos e áridos, indica que ten os seus acopios na planta que a empresa COVSA ten na planta do Concello de Porriño. En canto a pavimentos de beirarrúas propón 200 m² de lousa sen especificar tipos e 150ml. de bordo, como necesarios para unha semana de traballo. Así mesmo propón o acopio de 200 m² de lousas de pedra e 150 ml. de bordo. Non especifica espesores nin tipos de pedra. Inclúe na relación tubarías de diversos tipos, canalizacións, semaforización e alumado, mobiliario urbán, que como se xa se dixo, non son obxecto do presente contrato. Inclúe barreiras metálicas de seguridade, pantallas de sinalización vertical e pechamentos con cinco unidades de cada unha delas.

2º ELSAMEX

Propón a clasificación de acopios en catro tipos ordenados de maior a menor importancia, A,B,C e 0.

A.- Materiais de canteira para recheos. Áridos, betunes e filler para mezclas asfálticas. Materiais para reposición de pavimentos. Conduccións.

B.- Cementos e áridos para morteiros. Material para sinalización. Elementos de desgaste en encofrados.

C.- Combustíbles. Aceites e grasas para maquinaria. Material de oficina. Elementos de seguridade e saúde. Cementos en sacos. Outros

0.- Formigóns. Mezclas bituminosas

A clasificación descrita considérase máis axeitada para un mantemento e conservación de estradas que para a do casco urbán e viais municipais.

Non fai mención a ningún dos criterios citados para o establecemento do stock necesario.

Non aporta criterios novos aos anteriormente citados para establecer a composición do stock nin coincide con ningún deles.

Non presenta criterios para establecer o volume do stock.

A relación de materiais a acopiar é de carácter xeralista e non se observa especial análise sobre a particularidade do Concello de Vigo.

Non fai mención a sistema de organización do stock.

3º CIVISGLOBAL

Para a composición do stock de materiais, propón tomar como referencia a información obtida no proceso de inspección.

Para o volume do stock, propón a correspondente a un mes de traballo considerando as brigadas de traballo propostas e os seus rendementos.



Inclúen pavimentos específicos como pasos de peóns.

Entre outros materiais, propoñen loseta hidráulica de diversos acabados, cores e dimensións, lousa granallada asímesmo en diversas cores, dimensións e acabados, lousas de granito gris alba, rosa, porriño y vermello Altamira en diversos espesores, adoquín en varias dimensións y bordo de pedra.

Non reflicte acopio de materiais bituminosos.

Propón un programa para a organización do stock do que fai unha breve descrición.

4º UTEs EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS

Non aporta criterios novos aos anteriormente citados para establecer a composición do stock nin coincide con ningún deles.

Non presenta criterios para establecer o volume do stock.

A relación de materiais a acopiar é moi escueta, ten carácter xeralista e non se observa especial análise sobre as necesidades concretas deste Concello.

En canto á organización de stock, fai mención a que conta cun programa informático "Libra" que xestiona os stocks existentes e as ordes de compra.

Fai referencia ao control de maquinaria e ferramentas que non está incluído neste criterio de valoración.

FEC 8.A.4.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DOS TRABALLOS, NO QUE SE ESPECIFICARÁ A METODOLOXÍA QUE SE VAI A UTILIZAR TENDO EN CONTA QUE A APORTACIÓN ECONÓMICA PARA ESTE FIN IRÁ DESTINADA Á REALIZACIÓN DOS ENSAIOS E ANÁLISES DE MATERIAIS E UNIDADES DE OBRA E INFORMES ESPECÍFICOS QUE AO EFECTO SE RECABEN. (2 puntos).

Para a valoración deste criterio, se terán en conta dúas distintas facetas do control de calidade

- Plan de control de calidade na execución dos traballos.
- Plan de control de calidade de materiais e unidades de obra executadas. A este plan irá destinada a aportación económica para a realización dos ensaios e análise de materiais e unidades de obra e informes específicos que ao efecto se recaben.

1º UTE ORECO-COVSA

Propón dous sistemas distintos para o control de calidade dos traballos.

Un Plan de aseguramento da calidade interno baseado na norma ISO 9001.2008. Achega copia de certificacións de sistemas de xestión de calidade.



Presenta descrición exhaustiva do sistema. Procedemento, instrucións de traballo e follas de control de unidades de obra entre as que se atopan a práctica totalidade das distintas unidades de obra que poden presentarse no desenvolvemento do contrato, tanto en traballos de tracto sucesivo como naqueles finalistas para cuxa execución será necesario a redacción do correspondente proxecto técnico ou memoria valorada.

Presenta carta de compromiso de laboratorio homologado para a realización de control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra. Presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

Presenta organigrama de persoal para seguimento dos planes de control de calidade.

2º ELSAMEX

Non presenta planes de control de calidade na execución dos traballos.

Presenta carta de compromiso de laboratorio homologado para a realización de control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra. Presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

3º CIVISGLOBAL

Propón dous sistemas distintos para o control de calidade dos traballos.

Un Plan de aseguramento da calidade interno baseado na norma ISO 9001.2008. Achega copia de certificacións de sistemas de xestión de calidade.

Presenta descrición exhaustiva do sistema. Procedemento, instrucións de traballo e follas de control de unidades de obra entre as que se atopan a práctica totalidade das distintas unidades de obra que poden presentarse no desenvolvemento do contrato, tanto en traballos de tracto sucesivo como en aqueles finalistas para cuxa execución será necesario a redacción do correspondente proxecto técnico ou memoria valorada.

Presenta carta de compromiso de laboratorio homologado para a realización de control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra. Presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

Presenta organigrama de persoal para seguimento dos planes de control de calidade.

4º UTES EXTRACO-GAVILANES y MISTURAS-LOSADA BUS

Propón dous sistemas distintos para o control de calidade dos traballos.

Un Plan de aseguramento da calidade interno baseado na norma ISO 9001.2008. Achega copia de certificacións de sistemas de xestión de calidade.



Presenta descripción do procedemento de control de unidades de obra que non describe nin enumera.

Presenta carta de compromiso de laboratorio homologado para a realización de control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra únicamente de mezclas bituminosas. Destas presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

A continuación pásase a valoración das ofertas en función de cada un dos criterios suxeitos a valoración técnica, e en base aos aspectos que se foron destacándose para cada unha das ofertas neste informe.

Otorgarase a maior puntuación a oferta mais vantaxosa en base aos aspectos destacados e, o resto, por comparación.

CRITERIO FEC 8. A).1. PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO: (12 puntos).

a) Proposta de planificación dos traballos en relación co obxecto do contrato, así como a organización dos medios materiais, técnicos e humanos para acadar os obxectivos previstos no contrato: (8 puntos).

Polos aspectos que contén a súa oferta, considerase como mellor a presentada por CIVISGLOBAL, atribuíndose as demais as puntuacións que se indican.

1º.- CIVISGLOBAL: 8,00 puntos.

2º.- ELSAMEX: 5,80 puntos.

3º.- COVSA – ORECO: 3,60 puntos.

4º.- UTE EXTRACO-GAVILANES: 3,20 puntos.

5º.- UTE MISTURAS-LOSADA BUS: 3,20 puntos.

b) Medidas que se propoñen para preservar a seguridade durante a execución dos traballos e para que durante os mesmos se evite ou, alomenos, se limite a aparición de factores que contaminen o medio ambiente (ruidos, vibracións, emisión de partículas contaminantes, etc.)

b1 "medidas para preservar a seguridade durante a execución dos traballos"

Con carácter xeral todos os licitadores contemplan dous tipos de medidas; unhas para preservar a seguridade dos traballadores e outra para preservar a



seguridade dos cidadáns, salvo no caso da UTE COVSA-ORECO que non contempla as primeiras.

b2 "medidas para eliminar ou reducir a aparición de factores que contaminen o medio ambiente".

En canto ás propostas concretas informáse o seguinte:

1º ELSAMEX .

b1 "medidas para preservar a seguridade durante a execución dos traballos"

Seguridade de persoal laboral:

Ofrece sistema de xestión de prevención de riscos laborais.

Seguridade de cidadáns:

Comprométese a desenvolver un programa de seguridade que facilitará o acceso ás vivendas e que garantirá a mobilidade e tránsito, eliminando no posible barreiras arquitectónicas que podan xurdir nas obras. En canto á sinalización se remite á normativa de sinalización para estradas, principalmente á Instrucción de Estradas 8.3-IC.

b2 "medidas para eliminar ou reducir a aparición de factores que contaminen o medio ambiente".

Conta coa acreditación ISO 14001:2004 certificado por AENOR.

Presenta un ambicioso plan de protección medioambiental, que excede das medidas que se pedían para mellorar o medio ambiente durante as obras de pequena entidade que se van a cometer fundamentalmente a través deste contrato e que máis parece dirixido á execución de grandes obras públicas de infraestruturas.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **3,10 puntos**.

2º CIVISGLOBAL S.L.

b1 "medidas para preservar a seguridade durante a execución dos traballos"

Seguridade de persoal laboral:

Ofrece sistema de xestión de prevención de riscos laborais.

Seguridade de cidadáns:

Na seguridade dos cidadáns con respecto a estas obras só se contemplan previsións básicas.

b2 "medidas para eliminar ou reducir a aparición de factores que contaminen o medio ambiente".



Aplica un sistema de xestión medioambiental baseado na norma ISO 14001:2004

En canto ás medidas medioambientais que propón destaca:

- Que o control e seguimento ambiental farase semanalmente
- Expón as medidas a adoptar durante as obras para acadar os obxectivos ambientais previstos (minimización do consumo de auga e reutilización da mesma, do consumo de recursos naturais como materias primas e combustibles, da xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe, dos ruidos e vibracións que poden ocasionar molestias aos veciños e traballadores e tamén para a diminución da contaminación atmosférica).
- Por último, comprométense a que todos os vehículos adscritos ao contrato cumpran a normativa en materia medioambiental, especialmente en canto á emisión de ruidos, utilizando silenciadores.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **3,10 puntos**.

3º UTE COVSA – ORECO

b1 "medidas para preservar a seguridade durante a execución dos traballos"

Seguridade de persoal laboral:

Non fai mención significativa a este apartado.

Seguridade de cidadáns:

Desenvolve as medidas de seguridade a terceiros con detalle, establecendo un programa de seguridade e accesibilidade, eliminando barreiras arquitectónicas que podan xurdir durante as obras e establecendo un plan de sinalización.

b2 "medidas para eliminar ou reducir a aparición de factores que contaminen o medio ambiente".

Limitase a sinalar que anotaríase con carácter xeral unha serie de medidas de protección do medio ambiente e que se resulta adxudicataria, comprometeríase a implantar un sistema de xestión medioambiental conforme á ISO14001:2004, que ten acreditada COVSA e dirixida a minimizar o consumo de auga e reutilización da mesma; o consumo de recursos naturais, materias primas e combustibles; a xeración de residuos así como a súa reutilización e reciclaxe e os ruidos e vibracións; así como a limpeza de equipos e maquinaria con produtos non contaminantes e en lugares adecuados, sen especificar ningunha medida concreta para acadar cada un de ditos obxectivos.

Co indicado anteriormente se outorga unha valoración de **2,30 puntos**.

4º UTEs EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS



b1 "medidas para preservar a seguridade durante a execución dos traballos"

Seguridade de persoal laboral:

Ofrece documento de valoración de riscos e planificación preventiva.

Seguridade de cidadáns:

Non fan mención significativa a este apartado.

b2 "medidas para eliminar ou reducir a aparición de factores que contaminen o medio ambiente".

Dedícanlle pouco espazo a este apartado xa que parte dun procedimientto que ten establecido, PMA EXT/02 "identificación, avaliación e rexistro de aspectos medioambientais" para identificar os correspondentes as súas actividades, produtos e servizos que podan ter un impacto significativo no medio ambiente, tendo sempre en conta o "Programa de Vixilancia Ambiental e Preceptiva" que establece os procedementos en xestión de residuos perigosos, xestión de augas residuais, control de po e partículas, control de ruídos, control de solos e augas subterráneas, etc.

Indican que todos estes procedementos inclúen unhas instrucións de execución que garanten o cumprimento dos mesmos, que están avaliadas polo Certificado de Xestión Medioambiental.

A continuación concretan as actuacións e inspeccións a considerar no programa de vixilancia ambiental para este servizo, para identificar os impactos e as medidas correctas a aplicar.

Refírense logo á "reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais" co obxecto de xerar os mínimos residuos durante as obras .

Por último reproducen a lexislación aplicable en materia medioambiental que xa estaba incluída no PPTP.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **2,00 puntos**.

FEC 8.A).2. AMPLITUDE, PERIODICIDADE E CALIDADE DA INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO CONTRATO A SUBMINISTRAR AO CONCELLO PARA CONTROL DA MESMA E A SÚA POSTERIOR DIFUSIÓN PÚBLICA: (4 PUNTOS)

1º CIVISGLOBAL S.L.

Propón informes diarios, semanais, mensuais, semestrais e anuais.

Os informes realizaranse por tipo de traballo, ámbitos territoriais concretos e períodos de tempo determinados.



Propón realización de enquisas semestrais sobre os ámbitos nos que se traballou de forma programada para coñecer a satisfacción xeral da cidadanía sobre as obras.

Por último, comprométense na publicación e difusión das actuacións realizadas insertando dous anuncios anuais sobre as mesmas nun periódico local.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **3,50 puntos**.

2º ELSAMEX

Propón informes semanais, mensuais e anuais.

Os informes referiranse únicamente aos tipos de traballos realizados.

Propón confeccionar informes mensuais de almacén, riscos laborais e de xestión ambiental, así como trimestrais e anuais sobre as mesmas materias.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **3,50 puntos**.

3º UTE COVSA-ORECO

Presentan tres clases de informes dos cales, como xa se informou, só os relativos á xestión dos traballos poden ser valorados, sen que establezcan prazos para os mesmos

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **0,75 puntos**.

4º UTES EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS

Non propoñen periodicidade de información.

Non propoñen tipoloxía de informes.

Non presentan ningunha outra medida.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **0,00 puntos**.

FEC 8.A.3.- VOLUME COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN DO STOCK DE MATERIAIS NO ALMACÉN. (2 puntos).

1º CIVISGLOBAL

Propón o volume do stock en función do rendemento estimado das brigadas para un mes de traballo.

Xustifican a composición do stock en base á análise do inventario de deficiencias. A composición do stock ten carácter específico para as actuacións tipo a levar a cabo no municipio.

Propón programa de xestión de stocks.



Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **2,00 puntos**.

2º ELSAMEX

Fan unha estimación de mínimos sen estimación do período de tempo para o que sería necesario.

Non xustifica a composición indicando que os que relacionan os entenden como os máis habituais.

Non presenta ningún procedemento para a xestión do stock.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **0,70 puntos**.

3º UTES EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS

Non presentan criterios para establecer o volume do stock.

A relación de materiais a acopiar é moi escueta, ten carácter xeralista e non se observa especial análise sobre a particularidade do Concello de Vigo.

En canto á organización fai mención a que conta cun programa informático "LIBRA" que xestiona os stocks existentes e as ordes de compra.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **0,60 puntos**.

4º UTE COVSA-ORECO

Presenta unha relación de materiais moi escueta, tomando como base as necesidades dunha semana de traballo para os materiais que relacionan.

Reflicten así mesmo acopio de materiais bituminosos na súa planta de Porriño.

Non presenta ningún procedemento para a xestión do stock.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **0,50 puntos**.

FEC 8.A.4.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DOS TRABALLOOS NO QUE SE ESPECIFICARÁ A METODOLOXÍA QUE SE VAI A UTILIZAR TENDO EN CONTA QUE A APORTACIÓN ECONÓMICA PARA ESTE FIN IRÁ DESTINADA Á REALIZACIÓN DOS ENSAIOS E ANÁLISE DE MATERIAIS E UNIDADES DE OBRA E INFORMES ESPECÍFICOS QUE AO EFECTO SE RECABEN. (2 puntos).

1º CIVISGLOBAL

Plan de control de calidade na execución dos traballos:

Presenta plan de aseguramento da calidade, no que se atopa a práctica totalidade dos procedementos para a execución das distintas unidades de obra que poden presentarse no desenvolvemento do contrato.

Plan de control de calidade de materiais e unidades de obra executada:



Presenta carta de compromiso por laboratorio homologado para a realización do control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a realización de ensaios e análise de materiais e unidades de obra. Presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **2,00 puntos**.

2º UTE ORECO-COVSA

Plan de control de calidade na execución dos traballos:

Presenta plan de aseguramento da calidade, no que se atopa a práctica totalidade dos procedementos para a execución das distintas unidades de obra que poden presentarse no desenvolvemento do contrato.

Plan de control de calidade de materiais e unidades de obra executada:

Presenta carta de compromiso por laboratorio homologado para a realización do control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a realización de ensaios e análise de materiais e unidades de obra. Presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **2,00 puntos**.

3º UTE EXTRACO-GAVILANES e MISTURAS-LOSADA BUS

Plan de control de calidade na execución dos traballos:

Presenta plan de aseguramento da calidade, no que se atopa a práctica totalidade dos procedementos para a execución das distintas unidades de obra que poden presentarse no desenvolvemento do contrato.

Plan de control de calidade de materiais e unidades de obra executada:

Presenta carta de compromiso por laboratorio homologado para a realización do control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a realización de ensaios e análise de materiais e unidades de obra. Presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **2,00 puntos**.

4º ELSAMEX

Plan de control de calidade na execución dos traballos:

Non presenta planes de control de calidade da execución dos traballos.

Plan de control de calidade de materiais e unidades de obra executada:

Presenta carta de compromiso por laboratorio homologado para a realización do control de calidade de materiais e unidades de obra executadas mediante a



realización de ensaios e análise de materiais e unidades de obra. Presenta ensaios a realizar e contía dos mesmos por materiais e unidades de obra.

Co indicado anteriormente se otorga unha valoración de **1,50 puntos**.

Como consecuencia do informado ata este momento, a proposta de valoración da documentación presentada polos licitadores no Sobre B da súa proposición é a que figura no cadro resumo que se achega.


Vigo, 27 de agosto de 2014

O Xefe da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

EJECUCIÓN DEL CONTRATO: (12 puntos)	UTE ORECO- COVSA	ELSAMEX	CIVISGLOBAL	UTE EXTRACO- GAVILANES	UTE MISTURAS- LOSADA BUS
a) Propuesta de planificación de los trabajos en relación con el objeto del contrato, así como la organización de los medios materiales, técnicos y humanos para conseguir los objetivos previstos en el contrato (8 puntos)	3,60	5,80	8,00	3,20	3,20
b) Medidas que se proponen para preservar la seguridad durante la ejecución de los trabajos y para que durante los mismos se evite o, al menos, se limite la aparición de factores que contaminen el medio ambiente (ruidos, vibraciones, emisión de partículas contaminantes, etc.) (4 puntos)	2,30	3,10	3,10	2,00	2,00
FEC 8.A).2. AMPLITUD, PERIODICIDAD Y CALIDAD DE LA INFORMACIÓN SOBRE LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO A SUMINISTRAR AL CONCELLO PARA CONTROL DE LA MISMA Y SU POSTERIOR DIFUSIÓN PÚBLICA: (4 puntos)	0,75	3,50	3,50	0,00	0,00
FEC 8.A.3.- VOLUMEN COMPOSICION E ORGANIZACIÓN DEL STOCK DE MATERIALES EN EL ALMACEN. (2 puntos)	0,50	0,70	2,00	0,60	0,60
FEC 8.A.4.- PLAN DE CONTROL DE CALIDAD DE LOS TRABAJOS, EN EL QUE SE ESPECIFICARA LA METODOLOGIA QUE SE VA A UTILIZAR TENIENDO EN CUENTA QUE LA APORTACION ECONOMICA PARA ESTE FIN IRA DESTINADA A LA REALIZACION DE LOS ENSAYOS Y ANALISIS DE MATERIALES Y UNIDADES DE OBRA E INFORMES ESPECIFICOS QUE AL EFECTO SE RECABEN. (2 puntos)	2,00	1,50	2,00	2,00	2,00

TOTAL PUNTUACIÓN	9,15	14,6	18,60	7,80	7,80
------------------	------	------	-------	------	------



Vigo, 27 de agosto de 2014
El Jefe del Área de Fomento

Alvaro Crespo Casa